

DECRETO NÚMERO 14007944 DO 01/09/2014

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: Instruído expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

Examinado o expediente e vistos:

1.-Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 29 de agosto de 2014, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“ ANTECEDENTES

I. Prego de prescripcións técnicas elaboradas pola Sección de Cultura relativo á contratación da produción integral dos espectáculos das festas patronais de San Froilán 2014 organizados polo Concello de Lugo xunto cos correspondentes anexos relativos ós riders esixidos polos artistas

II. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na presente contratación redactado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento.

III. Acordo da Xunta de Goberno Local numero 14./605 de data 20 de agosto de 2014 en virtude do cal se acorda delegar na Tenente de Alcalde Delegada da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua a competencia para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación relativos ás festas de San Froilan 2014.

IV. Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 26 de agosto de 2014.

V. Informe de intervención de 28 de agosto de 2014 de fiscalización de conformidade con condicionantes.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de produción integral de espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilan 2014 e que pode incluírse dentro da categoría 26 do Anexo II do TRLCSP (servizos de esparcemento, culturais e deportivos)

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira. Como resultado do informe emitido pola intervención xeral do Concello con data 28 de agosto de 2014 no que se fiscaliza o expediente administrativo de conformidade cunha serie de condicionantes, incorpóranse ao expediente un informe complementario emitido pola sección de cultura do Concello así como unha modificación no prego de cláusulas administrativas particulares relativa ás cláusulas

décima e décimo segunda, pasando a ser todos os criterios de valoración automática.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Por acordo da Xunta de Goberno Local num. 14/605 de 20 de agosto de 2014 delegouse esta competencia na Tenente de Alcalde Delegada da área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.”

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local núm 14/605 en sesión celebrada o día 20 de agosto de dos mil catorce, no que se aprobou a delegar a favor da Tenente de Alcalde da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos dos expedientes de contratación relativos ás festas do San Froilán 2014, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.

Segundo. Aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, sendo o seu teor literal o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de produción dos espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2014

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola sección de cultura do Concello.

CNAE 2009: 90.0 Actividades de creación, artísticas e espectáculos

CPV: 92312100-2 Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras

Este contrato consta de **3 LOTES** podendo os licitadores presentar oferta a un lote, varios ou á totalidade do lotes xa que aínda que son susceptibles de contratarse nun mesmo procedemento admite unha adxudicación separada segundo o seguinte detalle:

LOTE 1: Producción espectáculos na praza Horta do Seminario

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María

LOTE 3: Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado nos artigos 10 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e que ten por obxecto a prestación dun servizo de produción integral de espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2014 (categoría 26 do Anexo II do TRLCSP).

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato

administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A empresa adxudicataria terá que levar a cabo os seus traballos ata o remate das festas patronais de San Froilán 2014 conforme o seguinte:

LOTE 1: Producción espectáculos na praza Horta do Seminario.

As instalacións obxecto do contrato deberán estar a disposición da organización dende o día 4 de outubro ás 12:00 horas ata o remate do último concerto do día 5 de outubro e dende o día 10 de outubro ás 12:00 horas ata o remate do último concerto do día 12 de outubro.

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María.

As instalacións obxecto do contrato deberán estar a disposición da organización dende o día 4 de outubro ás 9:00 horas ata o remate do último concerto o día 11 de outubro. Por necesidades da programación o adxudicatario non poderá iniciar os labores de desmontaxe ata o día 13 de outubro.

LOTE 3: Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.

As instalacións obxecto do contrato deberán estar a disposición da organización dende o día 4 de outubro ás 9:00 horas ata o remate do última actuación o día 12 de outubro. Por necesidades da programación o adxudicatario non poderá iniciar os

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

4.1.- Para a determinación do custo total do contrato tense en conta para cada lote o persoal necesario para cada un así como os equipos e material necesario para o desenvolvemento das actividades, resultando un total para cada lote de:

LOTE 1: Producción espectáculos na praza Horta do Seminario

O valor estimado deste lote é de 74.586,78 euros mais o 21 % de IVE (15.663,22 €) polo que o presuposto do contrato é de 90.250 € (NOVENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS), IVE incluído.

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

O valor estimado deste lote é de 64.545,45 euros mais o 21 % de IVE (13.554,54 €) polo que o presuposto do contrato é de 78.100 € (SETENTA E OITO MIL CEN EUROS), IVE incluído.

LOTE 3: Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.

O valor estimado deste lote é de 41.900,83 euros mais o 21 % de IVE (8.799,17 €) polo que o presuposto do contrato é de 50.700 € (CINCuenta MIL SETECENTOS EUROS), IVE incluído.

Sobre estes prezos de licitación de cada lote os licitadores realizaran as súas ofertas.

4.2.- O valor estimado total do contrato é de 181.033,06 euros.

4.3.- Para tódolos efectos entendese que nos prezos ofertados están incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratas como son os gastos xerais, financeiros, beneficio, seguros, transporte e desprazamento, manutención , soldos do persoal e do coordinador, taxas e toda clase de tributos.

4.4. Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 33801.22699 do vixente Orzamento Municipal de 2014 (RC: 60157, C.P: 143380101)

4.5.- Dada a duración do contrato non caberá revisión de prezos.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica **deberá ser xustificada obrigatoriamente polo medio seguinte:**

Para o Lote 1:

- Experiencia na realización de servizos relacionados coa produción de espectáculos similares a este contrato sendo adxudicatario ou proveedor de

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

servizos das características similares deste prego, por un importe en conxunto superior a **90.000** euros, IVE incluído, nos derradeiros **3** anos.

Para o Lote 2:

- Experiencia na realización de servizos relacionados coa produción de espectáculos similares a este contrato sendo adxudicatario ou proveedor de servizos das características similares deste prego, por un importe en conxunto superior a **78.000** euros, IVE incluído, nos derradeiros **3** anos.

Para o Lote 3:

- Experiencia na realización de servizos relacionados coa produción de espectáculos similares a este contrato sendo adxudicatario ou proveedor de servizos das características similares deste prego, por un importe en conxunto superior a **50.000** euros, IVE incluído, nos derradeiros **3** anos.

No caso de concorrer a dous lotes o a todos:

- Experiencia na realización de servizos similares a estes contratos sendo adxudicatario ou proveedor de servizos das características similares deste prego, por un importe en conxunto superior ó sumatorio dos importes esixidos individualmente para cada lote ó que licite nos derradeiros **3** anos.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva dos suministros realizados, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SETIMA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta

procedéndose neste caso a recabar a mesma documentacion ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinte días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA e letra B (CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE)

NOS SOBRES IDENTIFICARASE CLARAMENTE ÓS LOTES Ó QUE CONCORRE.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA , PROPOSTA TÉCNICA E OFERTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o Bastanteo do Poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O bastanteo realizarase por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento desta taxa deberá cubrir o **modelo 100 (Documento de ingreso-Taxa pola expedición de documentos administrativos) código 01** - e presentalo para o seu pagamento nalgunha das entidades bancarias colaboradoras (NOVAGALICIA BANCO, BBVA, LA CAIXA)

No apartado "Observacións" do modelo 100 identificará claramente o procedemtno de licitación e o obxecto do contrato.

Un exemplar deste documento ("exemplar para o Concello") deberá unirse ó bastanteo realizado polos funcionarios municipais e incorporarse como documento dentro do Sobre A (Documentación administrativa)

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- **Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto legislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepciónase deste requisito os casos de contratos

suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre denominado B (CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE) ., conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO**

b) Propón como **prezo do contrato:**

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- Prezo sen IVE: euros.
- 21% IVE:euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- Prezo sen IVE: euros.
- 21% IVE:euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- Prezo sen IVE: euros.
- 21% IVE:euros.
- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

b) Oferta como mellora no contrato un número de producións integrais na rúa para grupos locais, sen custo para o Concello.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos membros da Comisión de Festas do Concello ademais do titular da asesoría xurídica, o Interventor Xeral e o Xefe do Servizo de Contratación, polo que formarán parte dela os seguintes membros:

PRESIDENTE: Excmo. Sr Alcalde do Concello de Lugo.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.
- A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación
- O Concelleiro de Deportes
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.
- A Xefa da sección de Cultura do Concello.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día hábil contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A).

Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratacion de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

CRITERIOS AVAILABLE AUTOMATICAMENTE

1. OFERTA ECONÓMICA (Ata 8,5 puntos)

Obterá a máxima puntuación neste apartado (8,5 puntos) a proposición da empresa que oferte o prezo para cada lote (excluído o IVE) máis baixo, obterá 0 puntos a proposición da empresa que iguale o prezo de licitación (IVE excluído) fixado para cada lote e o resto das ofertas valorarase de modo proporcional.

2. MELLORAS OFERTADAS (ata 1,5 puntos)

Valorarase neste apartado as melloras ofertadas polos licitadores que poderán ser unicamente relativas á realización de producións integrais nas rúas (Planchada de 6x4, equipo de son, técnico, grupo electrógeno, persoal de montaxe/desmontaxe, seguridade e valado). Estas producións serán para grupos locais (un por intervención, seleccionado e pagado dende o Concello) nos días do período festivo e localizacións acordadas pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello. Deberán contar coas seguintes características técnicas mínimas:

“TARIMAS / PLATAFORMA (superficie mínima 6 x 4 m.)

EQUIPO DE SON (mínimo 6.000 W.)

GRUPO ELECTRÓGENO (acorde coas necesidades do equipo)

MESA DE SON (mínimo 12 canles)

SET DE MICROFONÍA

MONITORES DE ESCENARIO (mínimo 3)

ILUMINACIÓN ESCÉNICA BÁSICA (sen esixencias)*

TÉCNICO DE SON + 2 AUXILIARES

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

MONTAXE E TRANSPORTE VALADO EQUIPOS

*Indicase **iluminación escénica básica** porque non hai requirimentos neste sentido. Valen unhas torres de iluminación, uns paneis de leds ou dous focos de bricolaxe ben montados. Calquera solución que propoñan valerá. A cuestión é iluminar o escenario no caso de que a programación sexa nocturna.

En canto ao set de microfonía, é un termo que se emprega no medio. Loxicamente, o número de micros depende dos compoñentes do grupo e instrumentos. Cando se fala dun set, referímonos ao necesario, o máis básico (sen falar de marcas nin modelos) para sonorizar o grupo que actúe.

En canto ao persoal auxiliar, serán dous auxiliares para todas as funcións de montaxe, seguridade e carga/descarga”

Obterá maior valoración neste apartado a proposición da empresa que oferte un maior número destas produccions.

En caso de empate, terá preferencia o licitador que ofrezca máis intervencións na rúa.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACION

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, non efectuándose a adxudicación ó seu favor, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 155 do TRLCSP.

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. PENALIDADES POR CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (xefa de sección de Cultura), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

5.- De conformidade co artigo 212 do TRLCSP **o incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade.** Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego técnico e que supoñan que os espectáculos ou actividades programadas para San Froilán 2014 non se podan levar a cabo ou non se realicen nas condicións programadas, como pode ser retrasos no desenvolvemento dos espectáculos, sonido defectuoso ou calquera alteración do espectáculo debido a unha menor calidade ou cantidade dos equipos e persoal que se deben poñer a disposición.

Tendo en conta as especiais características deste contrato que obriga a que a prestación sexa perfecta dende o inicio de cada actividade non admitíndose subsanacións máis aló da celebración do espectáculo o importe da penalidade será do 1% do presuposto do contrato (prezo de licitación IVE ENGADIDO) podendo incrementarse en caso de reiteración do incumprimento ata un total do 10% do presuposto.

Sen perxuízo da imposición destas penalidades, se o Concello de Lugo se vise na obriga de substituír ó contratista nas súas obrigas para poder celebrar os espectáculos programados ou ben indemnizar a terceiros como consecuencia dos incumprimentos contractuais, **o custo destas medidas serán indemnizable polo contratista xa que se consideran danos ou perxuizos ocasionados con motivo da execución do contrato** e dos que responderá a garantía definitiva prestada polo contratista.

Deberá terse en conta asimesmo as normas para coidado da piscina romana sita na Praza de Santa Maria que se faciliten pola sección de Cultura.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas esixidas nas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Ós efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta cláusula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando proceda, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato. Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que poderá achegarse polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, a empresa adxudicataria presentará previamente á formalización do contrato administrativo e no caso de adxudicación dos dos LOTES 1 E 2 **copia da póliza do seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 1.200.000 euros** para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo así como danos materiais e persoais ocasionados a terceiros e danos ós bens custodiados xunto coa **copia do último recibo** que xustifique que está ao corrente no pagamento ata finalizar o período de dutación deste contrato.

Para caso do LOTE 3 presentarase previamente á formalización do contrato administrativo **copia da póliza do seguro de responsabilidade civil cunha**

cobertura mínima de 1.000.000 euros para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola responsable do contrato, a Concelleira Delegada de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e maila Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas no prego de prescricións técnicas que terán o carácter de obrigas contractuais esenciais.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuizo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuizos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O**DATOS:**

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ **COMO MIEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

3º ☐ **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO**

declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

2º.- Que a empresa que represento **atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.**

En de de 2012

Asdo:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.**

declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para isto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DOS ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014, ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO

1.- OBXECTO.

O obxecto do presente contrato é a prestación e servizos para a produción integral dos espectáculos das festas patronais de San Froilán organizados polo Concello de Lugo a través da Área de Cultura, distribuídos en **tres lotes**:

LOTE 1:

Praza Horta do Seminario.

4 outubro: LES TAMBOURS DU BRONX

5 outubro: KASE.O & JAZZ MAGNETISM

10 outubro: BUENA VISTA SOCIAL CLUB

11 outubro: EFECTO PASILLO + DJ LOCAL

12 outubro: SUSANA SEIVANE

LOTE 2:

Praza de Santa María.

4 DE OUTUBRO

BATITAL

AIRIÑOS DE ORBAZAI

5 DE OUTUBRO

BANDA MUNICIPAL + ODAIKO PERCUSSION GROUP

LUCÍA PÉREZ

6 DE OUTUBRO

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

**LA BANDA DE LOS 7 MARES
ARA MALIKIAN**

**7 DE OUTUBRO
GALLAECIA BIG BAND**

**8 DE OUTUBRO
MARFUL**

**9 DE OUTUBRO
SAN FROIDANCE** > Festival de música electrónica.

**10 DE OUTUBRO
GRUPOS LOCAIS** > Asociación Lugo Rock. Festival con bandas locais.

**11 DE OUTUBRO
DEVANDOIRA BANDA DE GAITAS
FESTIVAL DE FOLCLORE TRADICIONAL
FUNKY STYLE BRASS BAND**

LOTE 3:
Patio do edificio administrativo do Concello (Patio do Seminario)

**4 DE OUTUBRO
LA COCINITA SABROSA
CONCERTO DE SES**

**5 DE OUTUBRO
LA COCINITA SABROSA
CONCERTO DE CATS & MONKEYS**

**6 DE OUTUBRO
ACADEMIA RITMO LUGO
CONCERTO DE ALONDRA BENTLEY
CONCERTO DE THE FOOLMAKERS**

**7 DE OUTUBRO
VIRAVOLTA TÍTERES
CONCERTO DE GUERRERA**

**8 DE OUTUBRO
CONCERTOS DE GRUPOS LOCAIS** > Asociación Lugo Rock

**9 DE OUTUBRO
CONCERTO DE EN CLAVE DE FADO**

**10 DE OUTUBRO
FESTA XOGUETEIRA
CONCERTO DE THE PIE LAND**

**11 DE OUTUBRO
CONCERTO DE PETIT POP
XOGOS POPULARES**

**12 DE OUTUBRO
MADE IN JABÓN
CONCERTO DE MURAJAZZ BIG BAND**

E dun equipo de son para os actos seguintes:

- **Desfile de gando e lectura do pregón** (4 de outubro).- Concello
- **Mostra do traxe galego** (12 de outubro/domingo das mozas).- Praza Maior
- **Ofrenda a Rosalía** (12 de outubro/domingo das mozas).- Parque Rosalía de Castro.

Esta programación pode sufrir modificacións por causas alleas á organización e nese caso substituirase por outros espectáculos de semellantes necesidades técnicas.

Este contrato inclúe todos os gastos de persoal necesario para o bo desenvolvemento da montaxe, cargas, descargas e desmontaxe.

2.- DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS XERAIS DO SERVIZO.

A produción de cada espectáculo deberá estar realizada coa antelación suficiente, para que cada un deles poida celebrarse, sendo a empresa adxudicataria, directamente responsable do pagamento dos artistas e dos gastos ocasionados se non estivese cuberta a produción co prazo suficiente requirido pola Área de Cultura do Concello de Lugo para o espectáculo, sen prexuízo da posible petición de indemnización por parte do Concello de Lugo. No caso de suspensión do concerto por causas de forza maior ou porque o artista non comparecese, o Concello aboará igualmente o prezo pactado salvo as modificacións de datas, lugar e produción comunicadas polo Concello á empresa adxudicataria coa antelación de 48 horas.

2.1. Montaxe das instalacións e equipamentos necesarios para a realización do programa. As empresas adxudicatarias executarán todos os compromisos técnicos que se reflictan neste prego para todas as actividades e actuacións do programa San Froilán 2014 no referente á instalación e disposición de elementos materiais e equipamentos (escenarios, carpas, valados, equipos de luz e son, mobiliario, cadeiras, catering, elementos de limpeza...) así como a colocación de

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

carteis, bandeirolas e outros elementos de promoción e publicidade no lugar de actuación.

2.2. Prestación de servizos auxiliares de persoal de produción e organización.

A empresa adxudicataria executará todos compromisos referentes ao persoal organizativo e auxiliar que o Concello de Lugo asuma nos contratos relativos a instalación e disposición de elementos materiais e equipamentos (valados, mobiliario, cadeiras) e de promoción e publicidade nos lugares de actuación e que quedan reflectidos neste prego.

O persoal para a produción dos espectáculos levará visible unha acreditación identificativa co distintivo do Concello de Lugo, Área de Cultura.

A empresa adxudicataria queda obrigada a cumprir a normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención dos riscos laborais que se atope vixente en cada momento.

As empresas designarán un **Produtor Executivo** como máximo responsable da execución da produción, coordinación cos xefes responsables de produción nos distintos espazos a pé de escenario, managers e road-managers dos artistas; sendo este posto de traballo o único interlocutor válido das empresas ante o persoal técnico da Área de Cultura. Entre as súas principais funcións están as de controlar que as distintas empresas que participan no proceso de organización ou produción dos espectáculos, en calquera dos lugares programados, cumpran cos cometidos que se teñen contratados polo Concello e que quedan reflectidos neste prego; coordinar en tempo, lugar e forma os distintos servizos ou subministracións contratados para que o espectáculo se desenvolva en óptimas condicións, control sobre o cumprimento de horarios de todo o persoal contratado.

En cumprimento do disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística todo o persoal contratado deberá dirixirse en todo momento ao público na lingua galega, salvo que se lle solicite o emprego do castelán.

2.3. Prestación dos servizos de *catering* dos artistas. As empresas adxudicatarias atenderán todos os compromisos de *catering* derivados das actividades do programa de festas San Froilán 2014.

Este material deberá estar disposto nos cameríns dos artistas, cunha hora de antelación ao comezo da actuación ou, no seu caso, cando indique o responsable dos artistas.

Así mesmo, incluírá todo o material necesario para servir o *catering*, así como a súa montaxe e posterior desmontaxe, ademais do persoal que se precise para atender os artistas e técnicos.

Para os equipos de montaxe e desmontaxe dos espectáculos, subministrárase auga mineral suficiente.

2.4. Limpeza das instalacións: As empresas adxudicatarias serán as responsables da limpeza e mantemento das instalacións da praza Horta do Seminario, praza de Santa María e do Patio do Seminario (escenario, cameríns, oficinas, backstage e do interior da carpa, entre espectáculos, no caso do Patio do Seminario).

Así mesmo, a empresa adxudicataria encargárase de subministrar todo o material de limpeza e de carácter sanitario necesario para desenvolver esta tarefa: papel hixiénico, toallas, xabón e todo aquilo que sexa requirido polo responsable de organización do Concello, de cara a satisfacer as necesidades dos artistas, repoñéndoo de inmediato sempre que sexa necesario.

Así mesmo, incluírase un retén de mantemento os días de programación en cada recinto.

2.5.- Seguridade de infraestruturas instaladas e espectáculos:

A empresa contratada, baixo as ordes directas do departamento de Cultura do Concello de Lugo, e seguindo as súas instrucións, asume a seguridade do espectáculo e dos artistas, atendendo de forma especial o coidado das instalacións e as necesidades presentadas polos artistas nos respectivos contratos asinados co Concello de Lugo; así mesmo velárase pola seguridade do público respecto das montaxes e instalacións.

A empresa adxudicataria será responsable da seguridade das infraestruturas, por ela instaladas nos espazos previstos para as actividades programadas, dende a súa montaxe ata a retirada definitiva das mesmas.

A empresa adxudicataria deberá cumprir co estipulado no Regulamento Xeral de Policía de espectáculos e actividades recreativas e calquera outra lexislación aplicable en materia de seguridade.

Entre as **obrigas principais** que debe asumir a empresa inclúense as seguintes:

- a. Co fin de dar cumprimento a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, e o RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, a empresa presentará a seguinte documentación:
 1. Avaliación de riscos laborais e planificación da súa actividade preventiva para os servizos contratados.
 2. Copia dos tc2 dos traballadores que participan no servizo.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

3. Declaración expresa conforme se cumpriron as obrigas en materia de información e formación dos traballadores/as que vaian prestar os seus servizos nos distintos espazos de actividades.
 4. Declaración expresa conforme se cumpriron as obrigas derivadas do artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais en materia de vixilancia da saúde.
 5. Información sobre os riscos específicos das actividades que poidan afectar aos traballadores/as do Concello ou doutras empresas presentes, segundo modelo achegado polo Concello de Lugo.
 6. Designación dos recursos preventivos presentes no desenvolvemento dos traballos.
 7. En caso de que se teña previsto subcontratar parte dos traballos, declaración expresa, indicando os medios de coordinación que se adoptarán entre o/a contratista e o/a subcontratista.
 8. Compromiso de comunicar calquera cambio que se produza na realización dos traballos que afecte a algún dos puntos anteriores.
 9. Compromiso de informar ao Concello de Lugo sobre os accidentes de traballo graves, moi graves ou mortais que se produzan.
 10. Compromiso de comunicar toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores/as das empresas presentes no centro de traballo.
 11. Compromiso de comunicar os posibles riscos detectados no centro de traballo.
-
- b. Ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.
 - c. Impedir o acceso ás instalacións do público e de persoas alleas á organización do espectáculo ou ao equipo artístico (músicos, técnicos, etc.), dende o momento de inicio da montaxe do espectáculo ata o remate da desmontaxe.
 - d. Garantir que o público non teña acceso, en ningún momento, ao escenario, cameríns, "backstage", equipos de control de son e luces e calquera outra zona de acceso restrinxido que se poida determinar. As únicas persoas que poderán permanecer no escenario ou nas zonas restrinxidas pertencen aos grupos dos artistas ou á organización, pero estarán debidamente acreditadas e cumprindo funcións relacionadas co desenvolvemento do espectáculo na área na que se atopen.
 - e. Control e custodia do chaveiro xeral dos espazos onde se desenvolvan as actividades.
 - f. Dispor dun servizo de vixilancia permanente nos cameríns, dende o momento en que se requira polo representante dos artistas ou da organización e ata o momento da retirada dos depósitos realizados nestas

- dependencias. As claves dos cameríns estarán baixo a custodia e responsabilidade do vixiante correspondente.
- g. Dispor dun servizo de vixilancia permanente para as infraestruturas por ela instaladas, nos espazos previstos para as actividades programadas, dende a súa montaxe ata a retirada definitiva das mesmas.
 - h. Dispor e empregar, en caso necesario, os adecuados e suficientes extintores de incendios de lumes de distinta índole, que se situarán no escenario, nos seus anexos e nos puntos en que se precisen, contando co persoal especializado necesario para o seu correcto uso.
 - i. Vixiar permanentemente o recinto e os obxectos que o artista e o seu equipo instalen no local da actuación, tanto efectos persoais de camerín, como instrumentos ou material de escenario. A empresa unicamente será responsable de calquera roubo ou deterioro, total ou parcial, dos bens depositados e declarados por escrito polos representantes dos artistas á súa chegada ao recinto, o que lle deberán advertir convenientemente.
- l) Controlar o acceso do público, permitindo a entrada só ás persoas portadoras de entrada, invitación ou credencial, e evitando que introduzan obxectos non permitidos.
- m) Acreditar ao persoal que participa no espectáculo ou presta algún servizo no recinto, dependente da empresa, do artista ou do Concello. As acreditacións serán nominais, indicarán a zona de permanencia autorizada para cada persoa e exhibiranse permanentemente mentres se preste servizo. As únicas acreditacións válidas serán as facilitadas polo persoal técnico da Concellaría de Cultura do Concello de Lugo.
- n) O servizo de vixilancia estará formado obrigatoriamente por persoal civil e especializado que cumprirá os seus cometidos de forma efectiva, pero absolutamente respectuosa coas persoas. O persoal de vixilancia seguirá as indicacións do responsable de seguridade e, no seu defecto, responsable de produción. En ningún caso se poderá utilizar persoal de protección civil para este cometido.
- ñ) A non presentación de calquera dos documentos do apartado 2.5. a) suporá a exclusión da proposta ofertada.

2.6.- Limitacións: Todos os espectáculos están sometidos durante o seu desenvolvemento a unhas limitacións de horario e, de ser o caso, de **emisión sonora** cando se empreguen equipos de megafonía. **Estas limitacións deberán ser respectadas**, sen necesidade de previo requirimento por parte dos axentes da autoridade. No caso de non ser atendidos os requirimentos que lles poidan dirixir os axentes da autoridade aos responsables do desenvolvemento destes eventos, poderá dar lugar á incoación do correspondente expediente sancionador.

3. PRAZOS DE EXECUCIÓN:

Na Horta do Seminario

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

As instalacións obxecto do contrato deberán estar a disposición da organización dende o día 4 de outubro ás 12.00 horas ata o remate do último concerto do día 5 de outubro e dende o día 10 de outubro ás 12.00 horas ata o remate do último concerto do día 12 de outubro.

Na Praza de Santa María

As instalacións obxecto do contrato deberán estar completamente a disposición da organización nos seguintes prazos:

Dende o día 4 de outubro ás 9.00 horas ata o remate do último concerto do día 11 de outubro. * *Non se pode acometer a desmontaxe, por ocupación da praza, ata o día 13.*

No **Patio do Seminario** as instalacións obxecto do contrato deberán estar a disposición da organización dende o día 4 de outubro ás 9'00 horas ata o remate da última actuación o día 12 de outubro.

4. DESCRICIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS POR TIPOLOXÍA DOS CONCERTOS E ESPECTÁCULOS:

Equipos de luz e son:

Os equipos de luz e son **deberán adecuarse aos riders técnicos** que acompañarán como **anexos a este prego**, aceptando outros de análoga calidade aos indicados.

Escenarios/ Carpas / Cadeiras

A empresa adxudicataria ocuparse da montaxe e desmontaxe do escenario, da carpa (no caso do Patio do Seminario) e demais equipamento complementario. Unha vez finalizado o período de programación, deberá realizar a desmontaxe de todos estes elementos. A empresa adxudicataria disporá dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar todas estas tarefas.

En todos os casos o perímetro da zona destinada a escenario, torres, control, backstage, cameríns e produción deberá estar rodeado por un valado firme e con malla de ocultación.

A empresa instrumentará o acceso dos equipos do artista ao escenario empregando os medios materiais máis efectivos en función das características dos vehículos que os transporten. En caso necesario, facilitaranse ramplas (nunca escaleiras), ríxidas e capaces de soportar o peso que se vai trasladar, que terán como mínimo 2 metros de ancho e unha inclinación leve para permitir o cómodo acceso do material ao escenario.

En caso de que os vehículos dos artistas non puidesen acceder ao escenario, e se tivesen que quedar a unha distancia superior a 50 metros ou se existisen chanzos

que dificultasen o acceso do material, a empresa habilitaría solucións materiais para superar os problemas de carga e descarga, habilitando ramplas, vehículos interiores ou calquera outro material necesario.

A empresa asumirá a subministración de gasóleo e mantemento dos xeradores.

A empresa adxudicataria será a encargada de elaborar os plans de autoprotección necesarios segundo a normativa vixente en base ao R.D. 393/2007.

LOTE 1:

Horta do Seminario (5 xornadas de concertos)

Escenario cuberto homologado mínimo de 14 x 10 m. e teito técnico que soporte cargas de 1000 kg. Dúas torres para soportar os equipos de son a 10 m. de altura e rampla de acceso. Unha torre para canón de luz. As torres de son deberán estar planchadas e cubertas ata os 8 m. restantes do fondo para zona de traballo de backliners e mesa de mixturas para son.

Características técnicas:

Fabricación baixo ISO 9001, cumprimento da norma HD-1039, homologación europea, certificación AENOR e AFNOR, plataformas antideslizantes, hidrófugas e ignífugas, carga mínima homologada 750 kg/m², fabricación baixo ISO 9001.-

Barreira de seguridade antiavalancha.

Estrutura homologada de 4X4 a dúas alturas, (0,25m e 0,50 do chan) illante do chan e auga para as mesas de son e iluminación dos equipos.

Xeradores insonorizados coa potencia necesaria para cubrir os eventos (1 reserva)

** O Concello de Lugo instalará un cadro eléctrico de 86.200 W*

Acometidas de corrente.

Cubre cable necesario desde mesa de control ata escenario

Mangueras e cableado necesario.

EQUIPO DE REALIZACIÓN E REPRODUCCIÓN DE IMAXE

- Dous proxectores de 5.000 lumens
- Dúas pantallas de retroproxección de 4 x 3 m.
- Dúas torres para soportar as pantallas
- Tres cámaras DVCAM con operador
- Un computador portátil
- Un equipo de realización
- Unha persoa de realización
- Un intercom-central e catro postos
- Persoal necesario para a montaxe e desmontaxe dos equipos de proxección

LOTE 2:

Praza de Santa María (8 xornadas de concertos)

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

Escenario de 10x10m. cuberto a 8m. de altura do chan na súa parte máis baixa.
Dúas torres para soportar os equipos de son a 8 m. de altura.

Características técnicas:

Fabricación baixo ISO 9001, cumprimento da norma HD-1039, homologación europea, certificación AENOR y AFNOR, plataformas antideslizantes, hidrófugas e ignífugas, carga mínima homologada 750 kg/m2, fabricación baixo ISO 9001.-

Barreira de seguridade antiavalancha.

Plataforma e valado de mesa de control de 4x4m.

Xeradores insonorizados coa potencia necesaria para cubrir os eventos (1 reserva)

** O Concello de Lugo instalará un cadro eléctrico de 173.200 W*

Acometidas de corrente.

Cubre cable necesario desde mesa de control ata escenario

Mangueras e cableado necesario.

400 cadeiras

**No caso de previsión meteorolóxica desfavorable para as datas do período festivo, o Concello instalará unha carpa para o público.*

LOTE 3:

Patio do Seminario (9 xornadas de actividades)

Carpa transparente *adaptada* ao espazo (mínimo 800m2.) coa posibilidade de abrir e pechar laterais segundo espectáculo ou climatoloxía. Estrutura homologada adaptada á normativa vixente.Certificado ISO 9001.

Planchada/Escenario (baixo a carpa) de 10 x 8 metros a 1 m. de altura do chan .

Antideslizante, hidrófuga e ignífuga. Capaz de soportar un peso de 750 kgs/m2.

Fabricación baixo ISO 9001, certificado AENOR e AFNOR. Con fondo negro e faldón.

Estruturas homologadas, montadas segundo a normativa vixente, para soporte dos sistemas de iluminación

Valado peonil frontal para concertos sen cadeiras

Xeradores insonorizados coa potencia necesaria para cubrir os eventos * O

Concello de Lugo instalará un cadro eléctrico de 9.200 W

Acometidas de corrente.

Cubre cable, mangueras e cableado necesarios

600 cadeiras

Moqueta 12 x 10 m. para a fronte do escenario (para sentar os nenos)

Acometidas eléctricas: instalación de acometidas e conectores para equipos de luz e son, motores, canóns e equipo audiovisual.

As instalacións descritas realizaranse por instaladores autorizados, segundo a normativa que corresponda e a seguridade das mesmas acreditarase mediante documento técnico.

Valados: A empresa valará correctamente e de forma segura a fronte dos escenarios (Horta do Seminario e praza de Santa María) con valado antipánico. No

caso do escenario do Patio do Seminario farase ou non (valado normal) segundo espectáculo.

A empresa valará (Horta do Seminario, praza de Santa María e Patio do Seminario) con valado peonil, segundo as necesidades, o perímetro das plataformas de son, mesa de control de equipos de luz e son, e calquera outro punto que se precise por motivos de seguridade ou restrición de acceso.

A instalación definitiva dos valados deberá contar coa conformidade do Concello. A zona de backstage (Horta do Seminario, praza de Santa María e Patio do Seminario) deberá estar perfectamente delimitada e ocultada cos medios precisos (valos, rafia de ocultación).

Protección dos equipos: A empresa deberá ter instalada unha carpa ou jaima para a protección total das plataformas de control e que permita a máxima visibilidade do escenario.

Extintores: A empresa disporá dos adecuados e suficientes extintores de incendios de lumes de diversa índole, no escenario e nos restantes puntos que se precisen, segundo o estipulado no Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación vixente ao respecto.

Aluguer de mobiliario de cameríns, oficinas e aseos químicos:

As cabinas sanitarias contarán con mantemento diario. Unha limpeza diaria dende o 4 ao 12 de outubro (ambos inclusive), que incluírá limpeza con auga a presión e bactericidas, tanto no interior como no exterior da cabina, baleirado de depósitos e reposición de todos os materiais (auga, líquidos biolóxicos, papel, xabón etc.).

A empresa adxudicataria deberá subministrar para todo o período indicado o mobiliario necesario para dotar convenientemente os seguintes cameríns, que teñen que estar perfectamente equipados

LOTE 1: praza Horta do Seminario:

3 cameríns de 6 m. e 1 camerín de 4 m.

**con mesas, cadeiras, sofá, moqueta -se fose necesaria- espello de corpo enteiro, papeleiras, neveiras, cafeteiras, percheiros, mesas de oficina, alta de liña telefónica, acceso a internet.*

6 cabinas sanitarias completas.

2 cabinas sanitarias VIP para organización.

1 cabina sanitaria para persoas con problemas de mobilidade

LOTE 2: praza de Santa María:

1 camerín de 6 m. e 2 cameríns de 4 m.

** con mesas, cadeiras, sofá, moqueta -se fose necesaria- espello de corpo enteiro, papeleiras, neveiras, cafeteiras, percheiros.*

2 cabinas sanitarias completas.

1 cabina sanitaria VIP para organización.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

1 cabina sanitaria para persoas con problemas de mobilidade

Normas a cumprir para instalar os cameríns sobre a ventá arqueolóxica da praza de Santa María.

a).- Colocación dunha lámina xeotextil (desbotable).

b).- Para atenuar as posibles cargas puntuais e impactos cubrirase toda a superficie da ventá (agás das reixas de ventilación) cunha lámina de neopreno.

c).- A nivelación dos apoios (o pavimento ten pendente descendente leste/oeste) resolverase mediante recrecidos de neopreno.

A empresa adxudicataria, antes de iniciar a montaxe, recibirá a lámina de neopreno e as instrucións técnicas oportunas.

LOTE 3: patio do Seminario:

1 camerín de 6 m. e 1 camerín de 4 m.

** con mesas, cadeiras, espello de corpo enteiro, papeleiras, neveira, cafeteiras, percheiros.*

1 cabina sanitaria completa

1 cabina sanitaria para organización.

1 cabina sanitaria para persoas con problemas de mobilidade

Maquinaria e transportes.

Os responsables de cada escenario dispoñerán de medios para situar o equipamento de cada escenario e facer os traslados necesarios dun lugar a outro, que poden ser:

- Carretilla elevadora para 2.500 kgs. con condutor. Terá unha capacidade de elevación mínima de 5 metros e estará dispoñible durante todo o proceso de montaxe e desmontaxe dos escenarios.

- Vehículo lixeiro de transporte para persoal e materiais pequenos.

Accesibilidade

Nos recintos de praza de Santa María e Horta de Seminario instalárase unha tarima sobreelevada do nivel do chan para persoas que accedan en cadeira de rodas nos eventos nos que o público non permaneza sentado en cadeiras. Instalaranse tamén as ramplas necesarias para dar acceso a estas tarimas sobreelevadas.

Persoal: A empresa adxudicataria deberá achegar todo o persoal auxiliar necesario en cada caso, segundo as especificacións dos contratos asinados polo Concello e que, como mínimo, incluírá:

- 1 responsable da produción.
- 1 responsable de seguridade.
- 1 responsable de mantemento de escenario e infraestruturas.
- 1 oficial electricista.
- 1 persoa de limpeza de cameríns e escenarios.

Horta do Seminario (5 xornadas de concertos)

- 1 vixiante de seguridade 24 h. ao día en todo o período de concertos.
- 5 persoas de seguridade para o backstage durante os concertos
- 5 persoas auxiliares de servizos para o frontal do escenario durante os concertos
- 6 persoas de carga e descarga (2 xornadas) para apoio das tarefas de montaxe e desmontaxe da infraestrutura.
- 2 persoas de carga e descarga para o montaxe e desmontaxe do backline dos artistas

Praza de Sta María (8 xornadas de concertos)

- 1 vixiante de seguridade 24 h. ao día en todo o período dos concertos.
- 3 persoas de seguridade para o backstage durante os concertos
- 4 persoas auxiliares de servizos para o frontal do escenario durante os concertos
- 4 persoas de carga e descarga (2 xornadas) para as tarefas de montaxe e desmontaxe da infraestrutura.
- 2 persoas de carga e descarga para a montaxe e desmontaxe do backline dos artistas

Patio do Seminario (9 xornadas de actividades)

- 1 vixiante de seguridade 24 h. ao día en todo o período de actividades.
- 2 persoas de seguridade para o backstage nos concertos nocturnos
- 4 persoas de carga e descarga (2 xornadas) para as tarefas de montaxe e desmontaxe da infraestrutura.
- 2 persoas auxiliares de servizos durante a celebración dos eventos infantís (organización do público)

A empresa adxudicataria queda obrigada a cumprir a normativa laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais vixente.

*** Varios**

- Calquera outra instalación ou equipamento menor que resulten necesarios para o correcto desenvolvemento dos espectáculos do programa.
 - As instalacións descritas realizaranas instaladores autorizados segundo a normativa que corresponda e a seguridade das mesmas acreditaranse mediante documento técnico e por una póliza de seguro subscrita para este fin.
- A dirección das montaxes responderá en último caso ás instrucións impartidas polo departamento de Cultura do Concello de Lugo ou polos seus representantes.
- Os responsables da empresa adxudicataria disporán de sistemas móbiles de comunicación telefónica e estarán localizables durante o período do programa. Así mesmo, dentro do recinto e durante o desenvolvemento dos espectáculos, deberán contar con sistemas de comunicación interno (walkies ou similar).

5.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

- **Condicións económicas ofertadas: ata 8,5 puntos**
- **Melloras: ata 1,5 puntos.**

As condicións económicas valoraranse da seguinte maneira:

A oferta económica: máis vantaxosa obterá **8,5 puntos**.

A oferta que iguale o prezo de licitación: 0 puntos.

O resto das ofertas valoraranse proporcionalmente.

Melloras:

Valorarase como melloras a realización de producións integrais de rúa (planchada 6x4, equipo de son, técnico, grupo electrógeno, persoal de montaxe/desmontaxe, seguridade e valado) a grupos locais (un grupo por intervención, seleccionados e pagados dende o Concello) nos días (do período festivo) e localizacións acordadas coa Concellería de Cultura.

En caso de empate, adxudicarase ao licitador que ofrezca máis intervencións de rúa.

6.- VALORACIÓN ECONÓMICA:

Lote 1: Praza Horta do Seminario.

O valor estimado deste lote é de 74.586,78 euros mais o 21 % de IVE (15.663,22 €) polo que o presuposto do contrato é de **90.250 €** (NOVENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS), IVE incluído.

Lote 2: Praza de Santa María.

O valor estimado deste lote é de 64.545,45 euros mais o 21 % de IVE (13.554,54 €) polo que o presuposto do contrato é de **78.100 €** (SETENTA E OITO MIL CEN EUROS), IVE incluído.

Lote 3: Patio del Seminario

O valor estimado deste lote é de 41.900,83 euros mais o 21 % de IVE (8.799,17 €) polo que o presuposto do contrato é de **50.700 €** (CINCUENTA MIL SETECENTOS EUROS), IVE incluído.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 219.050 euros con cargo á aplicación presupostaria 33801.22699 do orzamento xeral de 2014

Cuarto.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

CONTRATACION

MLA/rdi

Refª: 1409565063530.doc

Asunto: PRODUCCIÓN ESPECTACULOS....SAN FROILAN 2014

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Cúmprase